

**ACTA DA REUNIÓN DO 4 DE AGOSTO DE 2016 DA MESA DE CONTRATACIÓN
PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA (2 LOTES).**

PRESIDENTA:

D.^a Marta Rodríguez Arias

Vicepresidenta 1.^a do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

D.^a María Soledad Soneira Tajés

Vicepresidenta 2.^a do Parlamento de Galicia

D. José Manuel Balseiro Orol

Secretario do Parlamento de Galicia

D.^a Raquel Rodríguez Carro

Letrada do Parlamento de Galicia

D.^a Carolina Costoya Pardo

Interventora do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. F. Javier Freire González

Xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 11.30 h do día **4 de agosto de 2016**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a subministración de enerxía eléctrica.

Orde do día:

Punto primeiro.- Comunicación das empresas admitidas e excluídas no procedemento de contratación.

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída nos sobres "B" ("Documentación técnica e relativa aos criterios avaliábles de forma automática por aplicación de fórmulas").

Invítase a que accedan á sala os representantes presentes das empresas concorrentes.

A continuación procédese a:

PRIMEIRO.-Comunicación das empresas admitidas e excluídas no procedemento de contratación.

A presidenta da Mesa de Contratación anuncia que si algún dos presentes o solicita se procederá á lectura dos anuncios de licitación publicados no Diario Oficial da Unión Europea nº S118, de 21 de maio de 2016 e no Boletín Oficial do Estado nº 159 de 2 de xullo de 2016. Ningún dos presentes o solicita.

A continuación comunícase o acordo da Mesa de Contratación sobre a admisión e inadmisión das proposicións presentadas polas empresas reflectidas na certificación expedida polo xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria.

Da cualificación de documentos dos sobres "A" resultan admitidas as seguintes empresas:

Lote 1:

- Gas Natural Comercializadora, S.A.
- Aura Energía, S.L.
- EDP Energía, S.L.
- Endesa Energía, S.A.U.
- Gesternova, S.A.

Non resulta inadmitida ningunha empresa

Lote 2:

- Gas Natural Comercializadora, S.A.
- Aura Energía, S.L.
- EDP Energía, S.L.
- Gesternova, S.A.

Non resulta inadmitida ningunha empresa

SEGUNDO.-Apertura e exame da documentación incluída nos sobres "B" ("Documentación técnica e relativa aos criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas").

A continuación a presidenta invita aos presentes na sala a que examinen os sobres "B" presentados polas empresas e comprobén que se atopan pechados e nas condicións nas que foron entregados. Así mesmo informa de que poden, antes de proceder á apertura dos sobres, efectuar as manifestacións ou observacións que consideren oportunas pero que unha vez iniciada a apertura dos sobres non se admitirán interrupcións.

Procédese a continuación á apertura dos sobres presentados polas empresas concorrentes. A presidenta anuncia aos presentes que poden examinar a documentación contida nos sobres "B".

Polo secretario da Mesa procédese a ler os prezos ofertados para os dous lotes polas empresas nos distintos apartados que compoñen a licitación.

Termo de potencia		Gas Natural comercializadora, S.A.	Aura Energía, S.L.	Endesa Energía, S.A.U.	EDP Energía, S.A.	Gesternova, S.A.
PERÍODO	Potencia kWh	(€/kW/ano) *	(€/kW/ano) *	(€/kW/ano) *	(€/kW/ano) *	(€/kW/ano) *
P1	350	41,140508	41,140508	41,140508	41,140507	41,140626
P2	350	20,588061	20,588061	20,588061	20,588060	20,588120
P3	350	15,067042	15,067042	15,067042	15,067041	15,067085
P4	350	15,067042	15,067042	15,067042	15,067041	15,067085
P5	350	15,067042	15,067042	15,067042	15,067041	15,067085
P6	451	6,874557	6,874557	6,874557	6,874556	6,874576

*(prezo total con todos os impostos engadidos, excluído o IVE).



PARLAMENTO
DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Termo de enerxía	Gas Natural comercializadora, S.A.	Aura Energía, S.L.	Endesa Energía, S.A.U.	EDP Energía, S.A.	Gesternova, S.A.
PERÍODO	€/kWh *	€/kWh *	€/kWh *	€/kWh *	€/kWh *
P1	0,106801 €	0,110881 €	0,105743 €	0,108714 €	11,460996
P2	0,092438 €	0,095083 €	0,093131 €	0,092189 €	9,747234
P3	0,082645 €	0,086173 €	0,082792 €	0,084605 €	9,059374
P4	0,071781 €	0,074891 €	0,073405 €	0,073841 €	7,475952
P5	0,068720 €	0,069522 €	0,068225 €	0,067122 €	7,244073
P6	0,057418 €	0,057767 €	0,056475 €	0,056840 €	5,582551

*(prezo total con todos os impostos engadidos, excluído o IVE)

A presidenta informa que a documentación contida nos sobres será remitida ao servizo do Parlamento competente para a súa avaliación.


Non habendo máis asuntos que tratar, ás 11.50 h levántase a sesión, asinando os asistentes esta acta, no lugar e data ao principio indicados.




Marta Rodríguez Arias
Presidenta




José Manuel Balseiro Orol
Vogal



María Soledad Soneira Tajés
Vogal



Raquel Rodríguez Carro
Vogal



Carolina Costoya Pardo
Vogal



F. Javier Freire González
Secretario

ACTA DA REUNIÓN DO 29 DE XULLO DE 2016 DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA (2 LOTES).

PRESIDENTA:

D.^a Marta Rodríguez Arias

Vicepresidenta 1.^a do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

D.^a María Soledad Soneira Tajés

Vicepresidenta 2.^a do Parlamento de Galicia

D.^a María Aneiros González

Letrada do Parlamento de Galicia

Carolina Costoya Pardo

Interventora do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. F. Javier Freire González

Xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 12.20 h do día **29 de xullo de 2016**, reúnense as persoas relacionadas, salvo os vogais Sr. Balseiro Orol e Sra. Soneira Tajés que escusan a súa presenza, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a subministración de enerxía eléctrica.

Orde do día:

Punto único.-Constitución da Mesa de Contratación e apertura e exame da documentación incluída nos sobres "A" (Capacidade para contratar e solvencia económica, financeira e técnica e profesional dos licitadores).

De seguido procédese a:

PRIMEIRO.-A presidenta declara constituída a Mesa.

A continuación, o secretario achega a certificación do xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria do Parlamento de Galicia na que se fan constar as proposicións presentadas, para os dous lotes, que son as seguintes:

LOTE 1.

EMPRESA	registro núm.:
Gas Natural Comercializadora, S.A.	52115
Aura Energía, S.L.	52155
EDP Energía, S.L.	52161
Endesa Energía, S.A.U.	52160
Gesternova, S.A.	52163


LOTE 2.

EMPRESA	registro núm.:
Gas Natural Comercializadora, S.A.	52115
Aura Energía, S.L.	52155
EDP Energía, S.L.	52161
Gesternova, S.A.	52163


SEGUNDO.- Seguidamente a Mesa de Contratación procede ao estudo da documentación contida nos sobres A presentados polas empresas concorrentes.

Examinada a continuación toda a documentación incluída no sobre A da proposición presentada para os dous lotes, a Mesa de Contratación comproba que as empresas presentan a documentación administrativa requirida segundo o establecido na cláusula sexta dos pregos, polo tanto acordan admitilas para continuar no procedemento de contratación.


Non habendo máis asuntos que tratar, ás 12.30 h levántase a sesión, asinando os asistentes esta acta, no lugar e data ao principio indicados.




Marta Rodríguez Arias
Presidenta



Carolina Costoya Pardo
Vogal



María Aneiros González
Vogal



F. Javier Freire González
Secretario

ACTA DA REUNIÓN DO 29 DE SETEMBRO DE 2016 DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA (2 LOTES).

PRESIDENTE:

D. Miguel A. Santalices Vieira
Presidente do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

D.^a Marta Rodríguez Arias
Vicepresidenta 1.^a do parlamento de Galicia

D.^a María Soledad Soneira Tajés
Vicepresidenta 2.^a do Parlamento de Galicia

D.^a María Aneiros González
Letrada do Parlamento de Galicia

D.^a Carolina Costoya Pardo
Interventora do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. F. Javier Freire González
Xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás **12.00 h** do día **29 de setembro de 2016**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a subministración de enerxía eléctrica.

Orde do día:

Punto único.-Exame do informe do sobre B e clasificación de ofertas.

De seguido procédese a:

Estudo do informe das ofertas emitido polo Servizo de Persoal e Réxime Interior.

A Mesa de Contratación á vista do informe no que se indica que a oferta presentada pola empresa Gesternova, S.A. supera os orzamentos máximos de licitacións para os dous lotes, acorda excluír á antedita empresa e realizar a seguinte clasificación de ofertas:

LOTE 1:

Empresa	TOTAL PUNTOS	Nº
Endesa Energía, S.A.U.	99,9999995	1
Gas Natural Comercializadora, S.A	98,1595950	2
EDP Energía, S.L.	96,1897630	3
Aura Energía, S.L..	80,0157620	4



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

LOTE 2:

Empresa	TOTAL PUNTOS	Nº
Gas Natural Comercializadora, S.A	99,9999993	1
Aura Energía, S.L..	95,6478899	2
EDP Energía, S.L.	95,4242003	3

Á vista desta puntuación, a Mesa de Contratación acorda clasificar ás empresas e facer requirimento da documentación da cláusula décimo primeira do prego de cláusulas administrativas na seguinte orde, a efectos de proceder, se é o caso, á proposta de adxudicación.

LOTE 1:

- 1.º Endesa Energía, S.A.U.
- 2.º Gas Natural Comercializadora, S.A.
- 3.º EDP Energía S.L.
- 4.º Aura Energía, S.L.


LOTE 2:

- 1.º Gas Natural Comercializadora, S.A.
- 2.º Aura Energía, S.L.
- 3.º EDP Energía, S.L.


Non habendo máis asuntos que tratar, ás **12.30 h** levántase a sesión, asinando os asistentes esta acta, no lugar e data ao principio indicados.


Miguel A. Santalices Vieira
Presidente


Marta Rodríguez Arias
Vogal


María Soledad Soneira Tajés
Vogal


María Aneiros González
Vogal


Carolina Costoya Pardo
Vogal


F. Javier Freire González
Secretario

ACTA DA REUNIÓN DO 4 DE NOVIEMBRO DE 2016 DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA (2 LOTES).

PRESIDENTE:

D. Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1.º do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

D.ª Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2.ª do Parlamento de Galicia

D.ª Raquel Arias Rodríguez

Secretaria do Parlamento de Galicia

D.ª María Aneiros González

Letrada do Parlamento de Galicia

D.ª Carolina Costoya Pardo

Interventora do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. F. Javier Freire González

Xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás **9.55 h** do día **4 de novembro de 2016**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a subministración de Enerxía Eléctrica (2 Lotes).

Orde do día:

Punto primeiro.-Estudo da documentación administrativa presentada polas empresas Endesa Energía, S.A.U., e Gas Natural Comercializadora, S.A.

Punto segundo.-Elaboración de proposta de adxudicación e/ou, no seu caso, nova proposta de requirimento de documentación administrativa.

Primeiro.-Estudo da documentación administrativa presentada pola empresa Endesa Energía, S.A.U.

Á vista desta documentación, a Mesa de Contratación acorda propoñerlle á Mesa do Parlamento de Galicia a adxudicación do lote 1 (punto de subministración edificación A) á empresa Endesa Energía, S.A.U., polos prezos unitarios ofertados na súa proposición para os termos de potencia, termos de enerxía e alugueiro do equipo de medida.

Segundo.-O secretario da Mesa informa que a empresa Gas Natural Comercializadora, S.A. clasificada en primeiro lugar para o lote 2 (punto de subministración edificación B) non presentou a documentación requirida no prazo establecido.


A Mesa de Contratación acorda informar á Mesa do Parlamento desta circunstancia por si, ao teor do establecido no artigo 60.2.a, en relación co 151.2, do Real Decreto Lexislativo 3/2011 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, puidera ter incorrido en prohibición de contratar, cuxa determinación corresponde ao órgano de contratación mediante procedemento instruído ao efecto.

Terceiro.-A Mesa de Contratación acorda requirirlle á empresa **Aura Energía, S.L.**, clasificada en segundo lugar a documentación da cláusula décimo primeira do prego de cláusulas administrativas, a efectos de proceder, se é o caso, á proposta de adxudicación.


Non habendo máis asuntos que tratar, ás **10.00 h** levántase a sesión, asinando os asistentes esta acta, no lugar e data ao principio indicados.



Diego Calvo Pouso
Presidente



Raquel Arias Rodríguez
Vogal




Carolina Costoya Pardo
Vogal



Eva Solla Fernández
Vogal



María Aneiros González
Vogal



F. Javier Freire González
Secretario

ACTA DA REUNIÓN DO 21 DE NOVEMBRO DE 2016 DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA (2 LOTES).

PRESIDENTE:

D. Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1.º do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

D.ª Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2.ª do Parlamento de Galicia

D.ª Raquel Arias Rodríguez

Secretaria do Parlamento de Galicia

D.ª María Aneiros González

Letrada do Parlamento de Galicia

D.ª Carolina Costoya Pardo

Interventora do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. F. Javier Freire González

Xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás **10.10 h** do día **21 de novembro de 2016**, reúnense as persoas relacionadas, salvo Eva Solla Fernández que escusa a súa asistencia, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a subministración de Enerxía Eléctrica (2 Lotes).

Orde do día:

Punto primeiro.- Estudo da documentación administrativa presentada pola empresa Aura Energía, S.A.

Punto segundo.- Elaboración de proposta de adxudicación ou, no seu caso, nova proposta de requirimento de documentación administrativa.

Primeiro.-O día 4 de novembro requiriuse a Aura Energía, S.L., coa 2ª oferta economicamente mais vantaxosa, para que presentara, no prazo de dez días hábiles, a documentación esixida na cláusula décimo primeira do prego de cláusulas administrativas particulares e propoñela, de ser o caso, para a adxudicación do contrato.

O 15 de novembro a empresa presenta no Rexistro Xeral da Cámara escrito coa documentación requirida e procédese á súa análise, xunto coa que no seu momento presentara co resto da oferta no sobre A.

Despois de estudada a documentación presentada pola empresa, acorda admitila como válida e suficiente.

Segundo.-A Mesa de Contratación acorda propoñerlle á Mesa do Parlamento a adxudicación do lote 2 (punto de subministración edificación B) do contrato para a subministración de enerxía eléctrica ao Parlamento de Galicia á empresa Aura Energía, S.L.



PARLAMENTO
DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Non habendo máis asuntos que tratar, ás **10.15 h** levántase a sesión, asinando os asistentes esta acta, no lugar e data ao principio indicados.

Diego Calvo Pouso
Presidente

Raquel Arias Rodríguez
Vogal

Carolina Costoya Pardo
Vogal

María Aneiros González
Vogal

F. Javier Freire González
Secretario